



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Literatura Galega Contemporánea 1	Código	613G02024		
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es		
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es		
Web	http://www.udc.gal/filo				
Descrición xeral	Estudo, a través dos textos, da produción literaria galega do século XIX.				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non hai.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Lecturas.</p> <p>Traballos titorizados.</p> <p>Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sesión maxistral. Serán realizadas ben a través do Campus Virtual, con presentacións xerais e breves lecturas complementares, ben a través de sesións síncronas/asíncronas en Teams.</p> <p>Proba mixta. A proba mixta realizarase de maneira asíncrona. O alumnado poderá facer uso na súa realización de todos os recursos e materiais vinculados coa materia e facilitados pola profesora.</p> <p>Asistencia a eventos. A asistencia presencial será substituída pola visualización de un evento a través da internet.</p> <p>Análise de fontes. Será realizada proporcionando ao alumnado liñas de lectura dos materiais vinculados a cada tema, ben a través do Campus Virtual, ben a través de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Foros específicos no Campus Virtual, videotitorización a través de Teams, resposta ás consultas por correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as actividades e as porcentaxes da avaliación, coas seguintes especificacións:</p> <p>Proba mixta. Realización dunha proba escrita non presencial en modo asíncrono sobre os contidos e as lecturas da materia. O alumnado deberá facer uso dos recursos e dos materiais vinculados coa materia e facilitados pola profesora.</p> <p>Eventos científicos e divulgativos. Os eventos serán visualizados a través de internet.</p> <p>Análise de fontes documentais. Os comentarios e análises realizaranse a través do Campus Virtual e/ou Teams e as presentacións poderán ser orais (síncronas/asíncronas) en Teams ou substituídas por presentacións en PPT (ou similar).</p> <p>Todas as entregas serán realizadas a través do Campus Virtual.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as recollidas na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>A bibliografía de referencia non será modificada, aínda que serán facilitados materiais específicos (en formato PDF ou URL) a través do Campus Virtual para o acompañamento das sesións non presenciais.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.



A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A3 A4 A10 A11 A15	B3 B7	C1 C6
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma	A1 A7 A11 A14 A17 A19 A23 A27	B5 B8 B9 B10	C1
Aplicar as técnicas de análise cultural, considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos	A1 A2 A4 A10 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9	C1



Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués	A4	B2	C1
	A7	B5	
	A11	B8	
	A14	B10	
	A17		
	A19		
	A23		
	A27		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega no século XIX.	Caracterización xeral. Periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. O Prerrexurdimento. Prosa, poesía, teatro.	Caracterización xeral. A poesía. O teatro. A Gaita Gallega: singularidade xenérica, reivindicación e iniciación lingüística e denuncia social.
3. O Rexurdimento. Caracterización xeral.	Reivindicación lingüística, renacemento cultural e construción da identidade nacional. A cultura e a literatura popular. A recuperación da historia propia. A situación social da lingua. A procura dun modelo de lingua literaria. Os Xogos Florais da Coruña. Produción e difusión cultural: a prensa.
4. O Rexurdimento. Xéneros e autores.	A poesía como xénero predominante. Rosalía de Castro. Manuel Curros Enríquez. Eduardo Pondal. A narrativa. O teatro.
5. O rexionalismo e a transición ao século XX.	Elementos definidores. As iniciativas editoriais: prensa e coleccións editoriais. A consolidación institucional do rexionalismo no século XX: a fundación da Academia Galega. Prosa e narrativa. O teatro.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 A2 A4 A11 A14 A15 B1 B4 C1	6	6	12
Lecturas	A1 A2 A4 A7 A17 B3 B6 B7 C6	1	20	21
Sesión maxistral	A1 A2 A7 A14 A17 A19 A23 A27 B1 B5 B7 B10 C1 C6	21	25	46
Presentación oral	A1 A2 A4 A11 A15 B3 B4 B5 B7 C1	1	0	1



Proba mixta	A1 A4 A7 A11 A15 A17 A19 B1 B3 B4 B5 B6 C1	2	20	22
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 A19 B3 B5 B8	0	2	2
Traballos tutelados	A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C6	1	20	21
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A19 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9	10	12	22
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Debate na aula moderado pola profesora sobre temas previamente sinalados e convidados co alumnado. Requerirá unha preparación previa que os e as estudantes deberán realizar, de acordo coas indicacións que recibirán.
Lecturas	Son de lectura obrigada as obras literarias que figuran como tal no apartado de Fontes da información. Serán tamén obxecto de lectura algunhas referencias de bibliografía secundaria que a profesora indicará expresamente na aula.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co apoio de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Terá como obxecto, principalmente, proporcionar unha visión panorámica dos temas que serán logo desenvolvidos en sesións complementares posteriores en grupos de menor tamaño.
Presentación oral	Consistirá na exposición dun tema do programa, previamente acordado coa profesora
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita e/ou oral relativa aos contidos e lecturas do programa.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a algún dos eventos científicos e divulgativos indicados pola profesora.
Traballos tutelados	Realización dun traballo tutorizado pola profesora segundo as indicacións que se proporcionarán no inicio do cuadrimestre.
Análise de fontes documentais	Lectura e comentario de textos críticos, historiográficos, xornalísticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Proba mixta Sesión maxistral Lecturas Análise de fontes documentais Discusión dirixida Traballos tutelados	A profesora orientará aos e ás estudantes na selección da obra obxecto do traballo titorizado, na metodoloxía e nas fontes de información precisas e máis axeitadas para a súa elaboración. A orientación farase de forma individualizada, persoalmente, e tamén se facilitarán indicacións escritas. As persoas con dispensa académica serán obxecto de seguimento particular.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A4 A7 A11 A15 A17 A19 B1 B3 B4 B5 B6 C1	Realización dunha proba escrita relativa aos contidos e ás lecturas da materia.	40



Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A19 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9	Realización das lecturas indicadas pola profesora (textos críticos, historiográficos, xornalísticos, literarios etc.) e o seu comentario e análise nas aulas. A profesora asignará algunhas lecturas específicas a cada estudante para a súa presentación nas aulas.	25
Traballos tutelados	A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C6	Realización dunha vídeo-recensión sobre a obra asignada pola profesora, previa proposta de cada estudante, e de acordo coas pautas que serán proporcionadas nas aulas.	25
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 A19 B3 B5 B8	Asistencia a eventos científicos e/ou divulgativos indicados pola profesora. A avaliación farase tendo en conta a ficha que deberá cubrir o alumnado.	10

Observacións avaliación

Para superar a materia, o/a estudante deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados no Campus Virtual no inicio do curso.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados á ferramenta para a detección de plaxio Turnitin.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades nos prazos establecidos nas aulas.

1. OPORTUNIDADE DE XULLO

Deberá presentarse/realizarse as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

2. NON PRESENTADO

Será considerado NON PRESENTADO/A o/a estudante quen non se presente á proba mixta.

3. DISPENSA ACADÉMICA

Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Proba mixta (50%). 2. Traballo titorizado (40%). Para concretar as características do traballo titorizado, o estudante deberá pórse en contacto coa profesora antes do día 28 de febreiro. 3. Eventos (10%). 4. ALUMNADO REPETIDOR E ALUMNADO CON INCOMPATIBILIDADE HORARIA POR RAZÓN LABORAIS

O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas e o alumnado que tiver horario laboral incompatíbel co seguimento da materia mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica deberá comunicalo a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 15 de febreiro.

Unha vez realizadas as oportunas comprobacións, a profesora confirmará se o seu sistema de avaliación será o do alumnado con dispensa académica.

5. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral que versará sobre as lecturas propias da materia (50% da cualificación).

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo: Galaxia - Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento . Vigo: Xerais - Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación. Vilaboa: Edicións do Cumio - Tato Fontaiña, Laura (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra - Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo: Galaxia - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia - VV. AA. (1996). Historia da Literatura Galega (vols. 1 e 2). Vigo: A Nosa Terra <p>Biblioteca Virtual Galega: http://bvg.udc.es Cronoloxía da literatura galega (1801-1900): http://croliga.udc.es Galiciana. Biblioteca de Galicia: http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacionHemeroteca a Virtual da Real Academia Galega: http://academia.gal/hemeroteca-virtual Monografías do século XIX (Real Academia Galega): http://academia.gal/biblioteca-virtual-monografias#inicio.do?current_page=7 As referencias anteriores son de materiais e de obras de consulta de carácter xeral. Nas aulas e/ou no Campus Virtual será proporcionada bibliografía específica. Obras de lectura: A casamenteira de Antonio B. Fandiño. Selección de textos d'A gaita gallega de J. M. Pintos. "Conto gallego" de Rosalía de Castro. Follas novas de Rosalía de Castro. O divino sainete de Manuel Curros Enríquez. Queixumes dos pinos de Eduardo Pondal. O catecismo do labrego de Valentín Lamas Carvajal. O castelo de Pambre de Antonio López Ferreiro. Esta selección completárase con outras lecturas indicadas pola profesora e coa da obra obxecto da vídeo-recensión.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Beramendi, Justo, De provincia a nación. Historia do galeguismo político, Xerais, Vigo, 2007. Davies, Catherine, Rosalía de Castro no seu tempo, Galaxia, Vigo, 1987. Forcadela, Manuel, A poesía de Eduardo Pondal, O Cumio, Vigo, 1995. Freire Lestón, Xosé V., A actividade editorial en Galicia (1850?1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego, O Cumio, Vigo, 1997. Hermida, C., Os precursores da normalización, Xerais, Vigo, 1992. Pociña, Andrés e López, Aurora, Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra, Laiovento, Santiago de Compostela, 2000. Rodríguez, Francisco, Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria, AS-PG, A Coruña, 2011. Esta selección completárase con bibliografía específica que a profesora proporcionará nas aulas ou a través do Campus Virtual.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Literatura Galega Contemporánea 2/613G02036

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente no horario de atención ao alumnado ou concertando cita previa no enderezo electrónico t.lopez@udc.gal.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías